



# OBRAS

 EDITORIAL GALAXIA

ANO  
OTERO  
— 2026




## O SEÑORITO DA REBORAINA

978-84-9151-481-7

24,30 €

**BIBLIOTECA NÓS**

Considerada unha das obras mestras da novela galega, significa, dentro da traxectoria narrativa de Ramón Otero Pedrayo, a depuración e a perfección. Novela límpida e transparente onde, con humor, se retrata a figura de Xoán Manuel Pereira, un dos grandes revolucionarios liberais e progresistas da Galicia do século XIX.



## CAMINO DE SANTIAGO. GUIÓN PARA UNHA PELÍCULA


978-849151-175-5

17,20 €

**BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO**

A petición de Suevia Films, Ramón Otero Pedrayo escribe en 1952 o guión para unha película documental sobre o Camiño de Santiago.

A súa recuperación demostra a capacidade de Otero para observar os cambios producidos na sociedade galega e adaptarse a eles ao tempo que explica algunhas das cuestións que non eran doadas de entender na súa obra literaria da posguerra. Igual que en 1929 publicara *A lagarada* para un futuro teatro galego, agora escribiría para unha futura cinematografía galega. O interese do autor de *Arredor de si* polo cinema e a súa vontade de colaborar nel mostran a modernidade dun escritor que nunca renunciou a levar a literatura aos outros eidos da realidade.



## O MESÓN DOS ERMOS

978-84-7154-474-2

15,40 €

**GALAXIA-NARRATIVA**

A vida nunha aldea galega do interior trazada con pinceladas de rexa finura e graduada matización; un cadro de variados personaxes pintados sempre con mestría e seguridade.

*O mesón dos ermos* é un fermoso poema en prosa poboado dunha rica variedade de personaxes, psicoloxicamente ben trazados que culmina na figura magnífica do Xepe. A soberbia descrición da paisaxe e o uso dunha lingua de gran riqueza e viveza expresivas fan desta novela unha das máis logradas das que escribiu Otero Pedrayo.



## ROSALÍA


978-84-7154-507-7

18,10 €

LITERARIA

Unha interpretación de Rosalía de Castro feita co vigor, a audacia e a orixinalidade propios de Otero Pedrayo, capaz de penetrar ata o fondo nos matos ocultos dunha alma de excepción.

Este libro escribiuno na vellez, pero non chegou a publicalo en vida. Trátase dunha fonda e aguda interpretación da vida e obra da poeta galega, escrita no máis xenuíno estilo oteriano. Concibida en forma de diálogo dramático, nela deixa Otero voar libremente a súa imaxinación desbordada, que ás veces chega ás difíciles alturas onde se esconde o lirismo que envolve a esvaída figura da súa protagonista.



## O ESPELLO NO SERÁN


978-84-8288-377-9

29,35 €

BIBLIOTECA NÓS

Como indica Xosé Manuel Salgado no estudo introdutorio, Santiago de Compostela subxugou a Otero Pedrayo, quen se aplicou á tarefa de inventar a Compostela literaria.

O resultado desa arela é *O espello no serán*, unha fermosa homenaxe á cidade pola que se sentiu gozosa e inevitablemente cativado desde o instante mesmo de visitala por vez primeira.



## DEVALAR


978-84-7154-842-9

26,30 €

GALAXIA NARRATIVA

Unha interpretación novelística do ser e o devir histórico de Galicia, onde a narración e a reflexión histórica e cultural camiñan inseparablemente unidas.

A novela, integrada por materiais moi diversos e non sempre puramente narrativos, ten como protagonistas os rapaces que nacen ao galeguismo da man do Seminario de Estudos Galegos. O discorrer do relato, ategado de ricas referencias interpretativas, é unha boa mostra do carácter fundamente orixinal, mestura de reflexión cultural e vizosa narración novelesca, que caracteriza boa parte da obra de Otero Pedrayo.




## ENSAIO HISTÓRICO SOBRE A CULTURA GALEGA

978-84-7154-412-4

11,10 €

**LITERARIA**

Primeira gran síntese interpretativa da nosa evolución históricocultural ao longo dos tempos.



## BOCARRIBEIRA. POEMAS PARA LER E QUEIMAR

978-84-8288-811-8

13,10 €

**DOMBATE**

Palabra exclusivamente oteriana, *Bocarribeira* é a verba-cifra do universo poético de Ramón Otero Pedrayo. Poemario, *Bocarribeira*, publicado por primeira vez no ano 1958 na colección Brais Pinto, os poemas están transidos de reverente emoción cósmica. É terra no tempo, paisaxe. Un enreixado de camiños que van do ledo ao triste, do presente ao pasado, polos que avanza o xogo da vida e da morte nun latexar vibrante de luces e sombras. A obra dun gran poeta, imprescindible á hora de valorar a poesía galega do século XX.



## CARTAS Á NAI. 1905-1950

978-84-7154-105-5

34,40 €

**MEMORIA**

Velaquí o primeiro volume, que abrangue de 1905 a 1950, dunha correspondencia que o escritor e a súa nai manteñen durante máis de cincuenta anos. Documento fundamental, en *Cartas á nai* Otero Pedrayo fala sen intermediarios. Porta aberta á intrahistoria máis sincera e persoal, estes textos contribúen a desvelar a vida cotiá mais tamén as angueiras, proxectos, pensamentos, traballo e actividades dunha das figuras intelctualmente máis atractivas da Galicia contemporánea.



## **CARTAS Á NAI. 1951-1956**

978-84-7154-106-2

34,40 €

**MEMORIA**

Con este segundo volume de *Cartas á nai* complétase un documento biográfico fundamental.

En total 1.355 cartas, a gran maioría inéditas, enviadas por Otero Pedrayo durante as súas viaxes e nos períodos en que residiu fóra da casa familiar.



## **AO ABEIRO DA AMIZADE. EPISTOLARIO 1926-1976**

9151-639-2

30,10 €

**MEMORIA**

Velaquí a correspondencia entre dúas figuras chave da cultura galega dos anos centrais do século XX: Sebastián Martínez-Risco e Ramón Otero Pedrayo. Máis de cento cincuenta cartas do autor de Trasalba e sesenta de quen foi presidente da Real Academia Galega. Desde o ano 1926 ata o 1976, en que morre Otero Pedrayo, os dous autores tratan asuntos variados, nos que predominan a actividade cultural, fundamentalmente arredor da Real Academia Galega, dos seus actos e iniciativas, xunto co proceso de elaboración das propias obras e as súas peripecias editoriais. Non faltan aspectos íntimos e persoais que poñen ao descuberto a calidade humana dos dous amigos: tristezas e alegrías por avatares familiares, humildade e modestia ao rexeitaren honras e loanzas, xenerosidade no cumprimento de tarefas en prol da causa galeguista, conflitos e tensións coa sociedade do seu tempo, desinterese por prebendas persoais. Un canto á amizade como refuxio durante a longa noite de pedra, en pleno exilio interior.




## **XELMÍREZ, XENIO DO ROMÁNICO**

978-84-7154-739-2

19,60 €

**ENSAIO E INVESTIGACIÓN**

*Xelmírez, xenio do románico* é un apaixonante estudo biográfico sobre unha das máis grandes figuras da Idade Media en Galicia. Nestas páxinas dá Otero Pedrayo unha excelente medida das súas recoñecidas capacidades para a evocación histórica e a reconstrución de tempos, espazos e humanidades. Apoiado nunha importante documentación que non chega nunca a coutar o seu poderío literario, Otero traza neste libro un perfil totalizador de Xelmírez, un retrato no que o bispo que engrandeceu a Compostela medieval amósasenos nas súas múltiples caras: político, príncipe da Igrexa, construtor de cidades e home. Pero a biografía xelmiriana é para Otero inseparable do marco en que se produce e, deste modo, Santiago de Compostela, Galicia e a Europa que renace no Románico acadan tamén papel protagonista neste suxestivo e vigoroso ensaio.



## **FRAGMENTOS DE ULISES, 1926**

978-84-8288-646-6

13,90 €

**ILLA NOVA**

A publicación por primeira vez en formato libro dos anacos da novela de Joyce que viran á luz na revista *Nós* na tradución de Otero Pedrayo.

Con este libro recupérase un texto emblemático para as letras galegas. Vai acompañado dun estudo introdutorio da profesora Kery Ann McKevitt. Nel claréxanse definitivamente as fontes empregadas e as circunstancias en que Otero Pedrayo realizou unha tradución que encarna a vocación de modernidade e animou o espírito dunha época, polo que merece a atención das novas xeracións. Publicada en 1926, esta tradución de fragmentos de *Uli- ses* non só foi a primeira que se realizou a calquera das linguas peninsulares, senón que representa a vontade de toda unha xeración literaria galega por vencellarse ao movemento anovador que naquelas datas se estaba a desenvolver na literatura do resto de Europa.




## POLOS VIEIROS DA SAUDADE

978-84-9151-483-1

30,05 €

**BIBLIOTECA NÓS**

Nesta obra, Otero Pedrayo guíanos na súa viaxe a América, de 1947, con paradas en Tui, O Porto, Lisboa, Río de Xaneiro, Montevideo e Buenos Aires, lugar de reencontro con Castelao e outros vellos amigos, e onde descobre outra Galicia, ben diferente da que acaba de deixar. Ofrécenos unha parte do seu complexo pensamento, onde Galicia se converte en protagonista e no concepto principal, á vez que se albisca o carácter precursor do autor con respecto ás principais correntes de pensamento da época.



## POESÍA


978-84-9865-296-3

25,45 €

**BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO**

Por primeira vez publícase reunida nun volume a obra poética de Ramón Otero Pedrayo, en edición de Xesús Alonso Montero, libro no que se recollen tanto poemas éditos coma inéditos do autor de *Bocarribeira*.

A obra poética de Otero Pedrayo é rica e multiforme. Escritos entre 1925 e 1975, dos noventa e cinco poemas incluídos en *Poesía*, algúns moi extensos, vinte e cinco son inéditos. O libro recolle tamén poesía en castelán e poemas traducidos doutras linguas, coma o latín, o francés e o alemán. Así e todo, e como advirte Alonso Montero na introdución, o volume “non ofrece a obra poética completa” de Otero Pedrayo, aínda que recolla a totalidade dos poemas éditos e unha boa parte dos inéditos, pois non se inclúen poemas incompletos, ou en fase de borrador, do que é un corpus poético de manuscritos certamente grande.



## TEATRO DE MÁSCARAS


978-84-7154-671-5

18,00 €

**OBRAS DE OTERO PEDRAYO**

Dezaseis pezas teatrais breves escritas en 1934, consideradas hoxe un exemplo de modernidade e de beleza plástica sen precedentes no teatro galego.

As pezas de *Teatro de máscaras* formaban parte do plan teatral que Castelao concibira durante os anos da República para impulsar un xénero que, a pesar dos esforzos anteriores, vivía nunha atonía sen folgos. O manuscrito permaneceu inédito ata 1975. Desde entón, estas pezas non deixaron de producir a admiración da ampla familia teatral galega, que elixiu varias delas para montar algúns dos seus espectáculos máis fermosos.



## O LIBRO DOS AMIGOS

978-84-8288-132-4

23,55 €

**OBRAS DE OTERO PEDRAYO**

Un gozoso conxunto de semblanzas de figuras moi importantes na vida do grande escritor ourensán.

Neste libro debuxa finamente os contornos sentimentais, intelectuais e humanos de personaxes que tiveron unha gran significación na súa vida. Publicado por primeira vez en 1952, este fermoso canto á amizade é un dos títulos menores máis admirados de Otero Pedrayo.




## XEÓRXICAS DO PAN

978-84-9865-473-8

22,10 €

**REPORTAXE**

Do conxunto de documentos de Ramón Otero Pedrayo depositados na Fundación Penzol, sobresaen estas tres versións inéditas dun poema, *Xeórxicas do pan*, que, tanto pola súa extensión como pola súa calidade literaria, o confirman como un dos grandes poetas do seu tempo. Un libro imprescindible para comprendermos a tradición lírica galega contemporánea.



## ARREDOR DE SI

978-84-9151-043-7

17,80 €

**BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO**

Novela imprescincible na historia da literatura galega. *Arredor de si* tamén se pode considerar a biografía espiritual dos homes da xeración Nós. Ramón Otero Pedrayo conta a historia dunha descuberta: a de Galicia e a súa cultura. Rexa, ben construída, cunha prosa efectiva que transmite ao lector o pulo da narración, a obra situou a novela galega na vangarda da época.




## ENTRE A VENDIMA E A CASTAÑEIRA

978-84-9151-482-4

18,15 €

**BIBLIOTECA NÓS**

En 1957 Ramón Otero Pedrayo deu ao prelo vinte relatos que sitúa entre o tempo da vendima e a castañeira, seleccionados no seu momento a partir dun considerable conxunto de textos inéditos, onde predominan, como liñas temáticas xerais, o reflexo dun mundo en crise en que se está a dar unha profunda transformación do sistema de valores e da orde tradicional, e a narración de sucesos relacionados co mundo do sobrenatural, que demostran a mestría do autor no deseño dos caracteres rurais ou na visión lírica da terra.



## OS CAMIÑOS DA VIDA

978-84-9151-776-4

25,30 €

**BIBLIOTECA NÓS**

Unha das obras máis representativas da narrativa de Otero Pedrayo é *Os camiños da vida*, onde, de par da historia de dúas familias fidalgas do século XIX, os Doncos e os Puga, retrátasenos de forma nostálxica a fin dun tempo e dunha sociedade co desartellamento da fidalguía rural como gobernadora do mundo agrario e a chegada da economía capitalista, personificada na burguesía comercial, a desamortización dos bens da Igrexa e o nacemento das ideas nacionalistas.




## CONTOS DE SANTOS E NADAL

978-84-8288-609-1

17,20 €

**BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO**

Estes nove relatos teñen diversos estilos e intencións, que van desde os que poderíamos chamar intelectuais ata os que se poderían inscribir no mellor realismo de Otero Pedrayo. Son estes últimos, de maneira especial, os que revelan o extraordinario talento narrativo do seu autor, verdadeiro mestre da pintura de tipos e circunstancias relacionados coa vida galega.



## ARTIGOS DE POSGUERRA. FINISTERRE E SONATA GALLEGA

978-84-8288-547-6

27,30 €

**OBRAS DE OTERO PEDRAYO**

Neste volume recóllese parte do espallado labor de Otero Pedrayo en xornais e revistas, concretamente en *Finisterre* e *Sonata Gallega*. O volume é un importante testemuño dos seus dotes como escritor; nel está presente o ensaísta e o autor de ficción, dúas facetas da súa produción literaria nas que destacou especialmente.




## CONTOS DO CAMIÑO E DA RÚA

978-84-8288-608-4

17,20 €

**BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO**

En palabras do profesor Carballo Calero, con Ramón Otero Pedrayo aparece unha nova arte de contar. A capacidade de imaxinación creadora e unha técnica case cinematográfica para recrear ambientes, combínanse de maneira maxistral e poñen diante do lector o espírito dun tempo, a crise dun modelo de sociedade, unha forma de vivir. Velaquí “O fidalgo”, unha das mellores mostras da narrativa breve contemporánea. O final dunha estirpe que estiña.



## NARRATIVA BREVE

978-84-7154-876-4

22,10 €

**OBRAS DE OTERO PEDRAYO**

Once contos, publicados en dúas etapas moi diferentes da vida do autor, nos que xa están presentes os elementos fundamentais do seu mundo literario.

Este libro recolle nun único volume un conxunto de relatos de Otero Pedrayo aparecidos entre os anos 1925 e 1935 en diversas revistas e coleccións populares. Son contos que amosan unha actitude de reflexión ideoloxizante en torno ao ser e a cultura de Galicia, e nos que están presentes os principais elementos constitutivos do mundo literario oteriano. O conxunto complétase con dous relatos publicados en 1974 e 1978.




## UNA HISTORIA DEL ARTE

978-84-8288-702-9

37,70 €

**BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO**

Esta obra abrangue a historia da arte desde a prehistoria ata o século XX; con especial atención á música, singularmente a Bach e a Mozart, cun capítulo sobre a música no Romanticismo no que se detén en Beethoven. Tamén destaca o interese que Otero amosa polo cinema, a arte que caracteriza o século XX. Esta obra serve para coñecermos mellor o pensamento do autor ourensán, o seu xeito de analizar a arte contando con factores relacionados coa xeografía, a identidade e o territorio, sen esquecer a literatura como complemento e inspiración da expresión plástica.



## SERENO E GRAVE GOZO ENSAIOS SOBRE A PAISAXE


978-84-8288-284-0

23,55 €

**OBRAS DE OTERO PEDRAYO**

A paisaxe e a aldea galegas son un dos temas máis queridos e recorrentes na obra ensaística de Ramón Otero Pedrayo.

Baixo o título *Sereno e grave gozo* agrupamos seis ensaios publicados entre 1922 e 1965 nos que este destacado intelectual e mestre galego pon a súa emocionada e exuberante prosa ao servizo da penetración nas calidades históricas, xeográficas e humanas da terra que tanto amou e que tan ben coñecía.



## A LAGARADA. O DESENGANO DO PRIOIRO

978-84-8288-204-8

22,30 €

**OBRAS DE OTERO PEDRAYO**

Ofrécense neste volume dúas pezas dramáticas que amosan as teimas do seu creador dentro do eido do teatro, así, a posibilidade de descubrir unha faceta talvez menos coñecida do grande autor galego. A edición, a cargo de Henrique Monteagudo, cun estudo literario de Manuel F. Vieites e debuxos de Xohán Ledo, pon de manifesto un Otero mestre tamén nos códigos teatrais. Servirá, ademais, para unha adecuada apreciación e un estudo máis completo da historia do teatro galego.




## A ROMARÍA DE XELMÍREZ

978-84-7154-786-6

23,40 €

**OBRAS DE OTERO PEDRAYO**

*A romaría de Xelmírez* pertence á serie de novelas históricas que Otero publicou entre 1930 e 1935. O bispo Xelmírez viaxa a Roma en 1104. Ao longo do camiño, o autor desprega os seus grandes dotes de historiador e xeógrafo para ofrecernos unha intelixente e fermosa panorámica da cultura, a política e a relixión da Europa de entón. Adentrarse nas páxinas desta novela acaba sendo un reto que deixará ao lector gustosamente rendido ante a xenialidade dunha das mellores obras da literatura galega do século XX. A primeira edición apareceu en 1934 en Santiago, publicada pola Editorial Nós. A presente inclúe unha extensa introdución, un tratamento coidado do texto e abundantes notas co fin de facilitarlle ao lector o acceso ao fermoso mundo oteriano.



## ENSAIOS TOMO II

### OBRA SELECTA OTERO PEDRAYO

978-84-7154-439-1

23,85 €

Recompilación de escritos dispersos de Ramón Otero Pedrayo, en edición de Carlos Baliñas, sobre aspectos variados (historia, paisaxe, literatura e arte, culturas alleas...), onde, máis que artellar discursivamente un argumento sobre o tema en cuestión, dá a sentir as súas intuicións.



## LEMBRANZAS DO MEU VIVIR I


978-84-9151-453-4

25,45 €

**BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO**

Introdución, edición e notas de Patricia Arias Chachero e Teresa García-Sabell Tormo.

Escritas cando xa levaba uns anos de profesor xubilado, as memorias de Ramón Otero Pedrayo comezan coa descrición de dúas familias e dúas casas. A paterna, en Trasalba, e a materna, na rúa da Paz, no centro da cidade de Ourense. En Trasalba, o neno goza cos xogos no campo, coas conversas dos veciños e cos contos da avoa paterna. Coñece a historia da casa e da familia. A entrada no instituto fai que o memorialista descubra a amizade. Son os anos de formación, de profesores que espertan entusiasmos e de compañeiros fraternais. Neses seis anos xorden no escritor tres grandes arelas: o gusto pola xeografía, a inquedaanza política e a vocación de mestre.




## LEMBRANZAS DO MEU VIVIR II OS TEMPOS DA UNIVERSIDADE

978-84-6068-989-8

22,00 €

**BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO**

Escritas cando xa levaba uns anos xubilado da súa cátedra compostelá, as memorias de Ramón Otero Pedrayo reconstrúen con man de mestre os ambientes que o acubillan ao longo da súa vida. O Madrid dos anos de formación xorde destas páxinas mediante a evocación dos personaxes que o habitan, dos lugares e feitos que, atravesando as camadas da Historia, son descritos cunha vívida percepción do decurso do tempo. O senso da duración da experiencia propia e a cultura como elaboración colectiva combínanse nun alento único, o da representación do tempo vivido.



## PARLADOIRO


978-84-6089-050-8

22,00 €

BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO

Ao mesmo tempo que lle poñía o ramo a obras máis longas, Ramón Otero Pedrayo enviaba aos xornais e revistas textos que, non por breves, teñen menos valor literario. Os mellores deles son unha *obra prima*. Na segunda metade da década de 1940, no xornal *La Noche*, os artigos déronlle, ademais, ocasión para volver a escribir no seu idioma. A serie titulada “Parladoiro” e outros escritos semellantes causaron abraio pola súa vocación literaria e por ser a primeira e daquela única presenza do idioma galego na prensa diaria.

Esta escolma de artigos, realizada por Carlos Baliñas, publicouse por primeira vez en 1973 e foi revisada, por tanto, polo propio Ramón Otero Pedrayo.



Debuxo de Otero Pedrayo, procedente das súas axendas privadas, depositadas na Fundación Penzol (Vigo)



## **SOBRE OTERO RAMÓN OTERO PEDRAYO. VIDA, OBRA E PENSAMENTO**


XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO E MARCOS VALCÁRCCEL

978-849151-775-7

25,30 €

**BIBLIOTECA NÓS**

Esta biografía pretende ofrecer unha visión global da súa figura na procura dunha perspectiva integradora dos aspectos literarios, ideolóxicos e políticos que envolven o patriarca das letras galegas, todos eles entrelazados, e que non se poden entender uns sen os outros.



## **FUGA E RETORNO DE ADRIÁN SOLOVIO. SOBRE A EDUCACIÓN SENTIMENTAL DUN INTELLECTUAL GALEGUISTA**

RAMÓN VILLARES


978-84-9151-203-5

25,30 €

**ENSAIO**

Este ensaio fundaméntase no discurso de ingreso de Ramón Villares na Real Academia Galega, xunto con algunhas engádegas e observacións que o enriquecen, onde o autor documenta e contextualiza algunhas das claves do pensamento galeguista moderno, prestando especial atención á figura de Ramón Otero Pedrayo, co que dialoga a través das páxinas de *Arredor de si*.





## **TEMAS OURENSÁNS. ESCOLMA DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN REFERIDOS A OURENSE A AS SÚAS TERRAS**

84-605-5855-X

9 €

**FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO**

Escolma dos numerosos artigos científicos sobre temas ourensáns que o autor deixou espallados en tempo e lugares diversos.



## **REXISTROS NO VENTO EPISTOLARIO DE RAMÓN OTERO PEDRAYO E FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**

978-84-1780-730-6

25,00 €

**REAL ACADEMIA GALEGA**

Estas páxinas constitúen, hoxe por hoxe, o epistolario oteriano máis relevante. Están presentes nelas as virtudes do autor no xénero epistolar, agrandadas polas características do destinatario, Francisco Fernández del Riego, quizais o colega intelectual e o “irmán” con quen mellor se entendeu Otero despois do falecemento de Castelao, e quen arrinca da súa pluma palabras e confidencias que nunca ninguén suscitou.

Patricia Arias Chachero é a responsable da transcripción e anotación do case medio millar de cartas, 347 de Otero Pedrayo e 104 de Fernández del Riego, escritas entre 1934 e 1975. A creación da Editorial Galaxia, a Real Academia Galega, a morte de Castelao, as xuntanzas festivas, a mata dos porcos (“os da vista baixa”), os proxectos literarios e outras confidencias biográficas inimaxinables son algúns dos grandes temas presentes neste epistolario.

# LIBROS EN DISTRIBUCIÓN SOBRE OTERO



## **RAMÓN OTERO PEDRAYO** **UNHA FOTOBIOGRAFÍA 1888-1976**

VARIOS AUTORES


978-84-6172-617-2

22,00 €

**FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO**

Ao longo destas páxinas, os lectores e lectoras do século XXI teñen oportunidade de viaxar por un tempo histórico: a memoria das cousas, ilustrado con documentos gráficos que contextualizan a biografía do Patriarca. Despois del, ninguén con tanta xustificación e tanta unanimidade recibiu semellante tratamento.

Otero é un xigante intelectual, unha especie de titán, xunto cos seus compañeiros de andaina histórica. Así se concibe este traballo.



## **GALICIA E EUROPA** **RAMON OTERO PEDRAYO**


(CON CD) AS NOSAS VOCES


978-84-9653-050-8

9,00 €

**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

Publicación do Consello da Cultura Galega que recolle a gravación da conferencia pronunciada por Ramón Otero Pedrayo en xullo de 1959 na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires, onde reflexiona sobre as relacións entre Galicia e a cultura europea.





## **O DEVALAR DA IDEA OTERO PEDRAYO E IDENTIDADE GALEGA**

CRAIG PATTERSON


978-84-6124-782-0

25,00 €

**FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO**

Craig Patterson, figura destacada entre os estudosos da literatura galega alén das nosas fronteiras, examina neste libro as ideas e as fontes que deron forma a esta recuperación cultural, así como a súa peculiar configuración, a través da análise de Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), o intelectual máis destacado desa promoción.

En *O devalar da idea. Otero Pedrayo e a identidade galega*. Patterson estuda en profundidade o tema da identidade cultural, tan intrinsecamente asociado con el, desde a perspectiva dos estudos culturais, a total versatilidade intelectual de Otero e a súa posición como líder desa xeración de escritores e pensadores galegos, cando menos no seu papel como antropólogo.



## **CATÁLOGO DE PUBLICACIÓNS SERIADAS BIBLIOTECA R. OTERO PEDRAYO**

PABLO SÁNCHEZ FERRO E X. SEOANE BOEDO

978-84-6128-309-5

14,00 €

**FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO**

Este catálogo recolle o conxunto das publicacións seriadas existentes na Biblioteca da Fundación Otero Pedrayo. O conxunto confórmano tanto as publicacións seriadas que Otero Pedrayo reuniu e consultou en vida como as procedentes de doazóns posteriores, sinaladamente a que fixo Luis Rivaya Riaño. No catálogo descríbense un total de 382 publicacións, entre as que destacan especialmente diarios e revistas, sendo numerosas as publicacións procedentes de agrupacións de galegos no exterior. En canto á temática, aínda que é variada, teñen maior presenza as revistas de información xeral ou de carácter cultural. Dentro deste conxunto de publicacións, recóllense 426 colaboracións de Otero Pedrayo, feito que converte este catálogo nunha útil ferramenta para a investigación e o coñecemento da figura do intelectual galeguista.



## GUÍA DE GALICIA

RAMÓN OTERO PEDRAYO  
EDICIÓN DO CENTENARIO

En 1926 Otero publicou a súa *Guía de Galicia*, obra clave do seu tempo para o coñecemento da xeografía, historia, vida económica, literatura, paisaxe, arte e itinerarios do país cartografado por Domingo Fontán; cen anos despois Galaxia recupera esta publicación en edición anotada por Manuel Gago.



## FRA VERNERO

RAMÓN OTERO PEDRAYO  
BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO

Publicado en 1934, foi esta a primeira vez que Otero Pedrayo non falaba de Galicia nunha das súas novelas, senón que nos contaba a vida de Zacarías Werner (1768-1823), de par que nos introduce, coa súa capacidade evocadora, na Europa daquel tempo.



## A MIÑA AMIZADE CON CASTELAO

RAMÓN OTERO PEDRAYO  
BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO

Estas páxinas, en edición de Patricia Arias Chachero, pretenden contextualizar a sólida amizade que uniu a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e a Ramón Otero Pedrayo a través dunha recompilación de escritos dispersos onde o señor de Trasalba deixa ver a súa fonda admiración polo escritor, artista e político de Rianxo, que serve para enlazar o Ano Castelao 2025 co Ano Oteriano 2026.



## DO SAN LUCAS Ó SAN XOHÁN

RAMÓN OTERO PEDRAYO

BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO - CONSORCIO DE SANTIAGO

Nesta edición de Patricia Arias Chachero, reúnen-se dous textos que Ramón Otero Pedrayo rematou en Compostela en 1957: *Do San Lucas ó San Xohán. Sazós de Compostela*, e *Once horas composteláns*, que comparten a vontade de homenaxear abertamente a cidade do Apóstolo. Tanto un como o outro achégannos, unha moi especial vivencia de Santiago, onde o autor sobrevoa as rúas e as prazas da cidade, mesturando tempos históricos, facéndonos ver que o que importa non é a descrición obxectiva, senón a plasmación de sensacións e a evocación de imaxes.



## GRIAL 249

O número 249 da revista *Grial*, que abre o ano 2026, dedicará o seu monográfico, coordinado por Patricia Arias Chachero, á figura de Ramón Otero Pedrayo, con traballos de María López Sánchez, Manuel Gago, Ramón Nicolás, Xosé Manuel Salgado, Olivia Rodríguez e Manuel Vieites, entre outros.



## HISTORIA DUN NENO

RAMÓN OTERO PEDRAYO

ÁRBORE 10

Unha evocación da infancia de Otero Pedrayo da súa propia man, das rúas de Ourense aos prados de Amoeiro, os xogos co seu amigo e veciño Risco, as primeiras viaxes, a familia, os costumes daquel tempo...